

Familia profesional	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Servizos socioculturais e á comunidade	Animación sociocultural	Ciencias da natureza e da saúde Humanidades e ciencias sociais Tecnoloxía	
	Educación infantil	Calquera modalidade de bacharelato	
	Integración social	Ciencias da natureza e da saúde Humanidades e ciencias sociais Tecnoloxía	
	Interpretación da lingua de signos	Calquera modalidade de bacharelato	
Téxtil, confección e pel	Curtidos	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Química
	Patronaxe	Artes Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Debuxo técnico
	Procesos de confección industrial	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Debuxo técnico
	Procesos de ennobrecemento téxtil	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Química
	Procesos téxtiles de fiadura e tecedura de calada	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Tecnoloxía industrial II
	Procesos téxtiles de tecedura de punto	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Tecnoloxía industrial II
Vidro e cerámica	Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Química
	Fabricación e transformación de produtos de vidro	Ciencias da natureza e da saúde Tecnoloxía	Química

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación Hipotiroidismo congénito.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada polo Servizo Galego de Saúde e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

M^a. José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Hipotiroidismo congénito: 5 €.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se amplían os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 1 de xaneiro de 1998, a través do Decreto 289/1997, asumiu a transferencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Os responsables da Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Servizo Público de Emprego Estatal, e os responsables da Xunta de Galicia, a través do seu presidente e do conselleiro de Traballo consideraron e valoraron a oportunidade de poñer en marcha e desenvolver un plan integral de emprego durante o período 2006-2009, que ademais de posibilitar melloras substanciais, en termos de actividade e de ocupación, nos mercados de traballo en Galicia, permita ir reducindo os desfases que a separan da media española.

Por iso, o 17 de setembro de 2005 asinouse o acordo de colaboración entre o Ministerio de Traba-

llo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia para a posta en marcha do I Plan integral de emprego de Galicia e o 29 de marzo de 2006 substanciouse a sinatura do convenio de colaboración para o seu desenvolvemento, en cumprimento do disposto na disposición adicional décimo sétima da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006.

Pola súa banda, na disposición adicional viséximo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, recolle a achega financeira anual do Servizo Público de Emprego Estatal ao financiamento, entre outros, do Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, establece o convenio, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, con cargo ao seu orzamento, achegará vinte e catro millóns de euros cada ano, durante o período de vixencia do Plan integral de emprego de Galicia, que se destinarán para financiar accións e medidas de fomento de emprego, encadradas nas políticas activas de emprego. Esta achega do Servizo Público de Emprego Estatal é adicional á distribuída á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o procedemento establecido no artigo 86 da Lei xeral orzamentaria de subvencións estatais de xestión estatutariamente asumida por esta Administración pública.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo, con cargo ao seu orzamento, achegará mediante a afectación o I Plan integral de emprego de Galicia de medidas activas de emprego, ata vinte e catro millóns de euros cada ano, durante o período 2006-2009.

O obxecto desta orden non é outro que completar a achega financeira da Xunta de Galicia a este plan, que está contida nas ordes de convocatoria das distintas medidas de políticas activas de emprego xa publicadas, coa achega de 24 millóns de euros provenientes da Administración xeral do Estado, para a consecución dos obxectivos e a execución das accións previstas nesta orde. A diferenza entre estes 24 millóns e o importe da ampliación de crédito nas diferentes ordes corresponde aos 2.890.440,89 € comprometidos na concesión de proxectos do ano 2007.

A programación e aprobación das diferentes medidas e accións realizarase de acordo coa planificación presentada para o ano 2008 ao Comité Autonómico de Emprego e en coherencia co acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia subscrito como resultado do diálogo social en Galicia, pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CC.OO., que establece os obxectivos que

hai que alcanzar en materia de emprego, na liña da converxencia coa media do Estado e coa de Europa e as medidas e recursos que se implementarán para a consecución dos obxectivos.

Á vista da experiencia dos exercicios de 2006 e 2007 e co obxecto de garantir o maior nivel posible de execución, o que redundará en beneficio dos traballadores e traballadoras en situación de desemprego de Galicia e na xeración de emprego no seu territorio, óptase novamente pola fórmula de ampliar o crédito de determinadas ordes de convocatoria de subvencións xa publicadas, coa conseguinte ampliación de prazos, para financiar unha serie de actuacións específicas vinculadas ao Plan integral de emprego de Galicia en 2008.

Estas políticas activas de emprego transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia están reguladas na Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecuan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as normas reguladoras das subvencións que concede o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos de emprego e da formación profesional ocupacional, segundo o disposto na súa disposición adicional primeira, número 2.

Así mesmo, os diferentes programas incluídos no I Plan integral de emprego de Galicia están regulados polas ordes da Consellería de Traballo sinaladas no artigo 1º.1.

Noutra orde de cousas, esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; e, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas e subvencións, toda vez que o procedemento e o réxime xurídico administrativo para a súa concesión se somete ás respectivas ordes de subvencións xa publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Así, de acordo co previsto na citada normativa, o financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322A.403.1, 16.02.322A.445.1, 16.02.322A.460.3, 16.02.322A.481.2, 16.03.322B.460.0, 16.03.322B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, polos importes respectivos de 800.000 €, 150.000 €, 9.709.559,11 €, 6.900.000 €, 800.000 € e 2.750.000 €.

O importe dos devanditos créditos para cada programa poderá ser obxecto de reaxustes como consecuencia da asignación ou da redistribución de fon-

dos para o financiamento dos programas de fomento de emprego e das solicitudes presentadas, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, o Convenio de Colaboración do 29 de marzo de 2006 ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios e da Intervención Delegada, e, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e financiamento.*

1. Esta orde ten por obxecto completar a achega financeira da Xunta de Galicia ao I Plan integral de emprego de Galicia, a través da ampliación dos créditos previstos nas seguintes ordes de convocatoria de subvencións, por un importe total de 21.288.027 € achegados polo Servizo Público de Emprego Estatal:

a) Orde do 19 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria (DOG nº 6, do 9 de xaneiro de 2008).

b) Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2008).

c) Orde do 5 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2008 e 2009 de programas experimentais en materia de emprego (DOG nº 9, do 14 de xaneiro de 2008).

2. Estes créditos previstos nas aplicacións orzamentarias 16.02.322A.403.1, 16.02.322A.445.1, 16.02.322A.460.3, 16.02.322A.481.2, 16.03.322B.460.0 e 16.03.322B.481.0, código de proxecto 2006 00 481, servirán para financiar as actuacións específi-

cas vinculadas ao I Plan integral de emprego de Galicia que se sinalan nos artigos seguintes.

Artigo 2º.-*Programas de cooperación.*

Dentro dos programas de cooperación, destinados ao financiamento da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, só se concederán subvencións para a realización das seguintes actuacións, por un importe global estimado de 14.200.000 euros:

a) Actuacións cos concellos incorporados á Rede Natura 2000-Lugares de importancia comunitaria (Zonas LIC) para a promoción do emprego nas ocupacións relacionadas cos novos viveiros de emprego vinculados ao ambiente coa supervisión técnica da Consellería de Medio Ambiente.

b) Actuacións con organizacións sen ánimo de lucro no ámbito das persoas afectadas por diversidade funcional para a contratación de persoal para a realización de servizos para a mellora das súas condicións de vida, en especial, aqueles destinados á súa inserción laboral a través da mellora da súa empregabilidade.

c) Actuacións cos concellos e organizacións sen ánimo de lucro co fin de mellorar as condicións de vida dos colectivos en risco de exclusión social, especialmente aqueles destinados a acadar un mellor posicionamento no mercado laboral, ben a través da súa contratación para a adquisición de experiencia, ou ben por medio da realización de servizos tendentes á mellora da súa empregabilidade.

d) Actuacións cos concellos para a creación de empresas de economía social ou servizos que formen e doten de experiencia laboral as persoas desempregadas na atención ás persoas dependentes.

e) Actuacións coas asociacións empresariais e sindicais do sector da construción e outros sectores que o requiran a teor das carencias formativas ou dos índices de sinistralidade rexistrados na zona de actuación ou sector da entidade solicitante, para a capacitación e adquisición de experiencia de traballadores e traballadoras en situación de desemprego no ámbito da prevención de riscos laborais.

f) Actuacións coa Demarcación de Costas do Estado e nos portos de Galicia para a promoción de emprego en ocupacións vinculadas a melloras ambientais e aos servizos de turismo e ocio.

g) Actuacións nos concellos rurais coa finalidade de mellorar a empregabilidade exclusivamente de mulleres desempregadas e de persoas paradas maiores de 45 anos mediante a adquisición de expe-

riencia profesional en actividades de utilidade pública ou interese social e, especialmente, as que rehabiliten o contorno e núcleos rurais.

h) Actuacións cos concellos para a promoción do emprego mediante a capacitación e adquisición de experiencia de traballadores e traballadoras en situación de desemprego no ámbito do arquivo, da xestión de documentos, de acceso a documentación dos cidadáns e a promoción e difusión do patrimonio documental e coa intención de promocionar a creación e consolidación nos concellos, especialmente nos rurais, da figura do arquivista.

Artigo 3º.-Programas mixtos de formación-emprego.

Dentro dos programas mixtos de formación-emprego só poderán concederse subvencións aos concellos para a realización de actuacións experimentais en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego coa finalidade de mellorar a empregabilidade dos traballadores e traballadoras en situación de desemprego participantes mediante a súa formación en alternancia co desempeño profesional en actividades de utilidade pública ou interese social e, especialmente, as que rehabiliten o contorno e núcleos rurais por un importe global estimado de 3.359.559,11 euros.

Artigo 4º.-Programas experimentais.

Dentro dos programas experimentais só poderán concederse subvencións ás corporacións locais e ás asociacións empresariais e sindicatos, tendo preferencia os programas experimentais nos sectores da construción naval, madeira, fabricación de automóbiles e os seus compoñentes e construción para a incorporación das mulleres nas ocupacións en que estean subrepresentadas e recolocación de traballadores e traballadoras procedentes de empresas en regulación de emprego, por un importe global estimado de 3.550.000 euros. Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e procedementos.

1. As solicitudes de subvención cubriranse nos modelos oficiais que se publican nas correspondentes ordes de convocatoria, sinaladas no artigo 1º.1. No caso de solicitude de programas de cooperación, substituirase o anexo II -proxecto de obras e servizos de interese xeral e social- previsto na Orde do 19 de decembro de 2007, polo que se publica como anexo a esta orde.

2. O prazo para a presentación de solicitudes, exclusivamente para as actuacións previstas nesta orde, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, excepto no caso dos proxectos de

escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego que rematará o 15 de xullo, de acordo co previsto no artigo 30.4º da Orde do 21 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

3. O procedemento para a tramitación, valoración e resolución dos expedientes presentados ao abeiro desta disposición e, en xeral, o seu réxime xurídico será o establecido para cada un dos programas nas ordes sinaladas no artigo 1º.1 desta orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas e subvencións para os programas regulados nesta orde estará supeditada á existencia de crédito orzamentario nas aplicacións 16.02.322A.403.1, 16.02.322A.445.1, 16.02.322A.460.3, 16.02.322A.481.2, 16.03.322B.460.0 e 16.03.322B.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

O importe dos devanditos créditos para cada programa poderá ser obxecto de reajustes como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego e das solicitudes presentadas, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, o Convenio de Colaboración do 29 de marzo de 2006 ou as disposicións aplicables as axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Segunda.-No caso de que as solicitudes presentadas non esgotasen os créditos previstos nesta orde para cada programa, os remanentes poderán utilizarse, respectivamente, como ampliación dos créditos previstos nas ordes mencionadas no parágrafo primeiro do artigo 1º.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse o director xeral de Promoción do Emprego e o director xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO II-PIEG

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

- ☐ SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS
- ☐ SUBVENCIÓN DA CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COS ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

TR351A

DOCUMENTO

MEMORIA

TR352A

MEMORIA DAS OBRAS/SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR

DENOMINACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS OU SERVIZOS

TR351A

SERVIZO SOLICITADO	DENOMINACIÓN	Nº TRAB.
☐ PIEG-REDE NATURA ZONAS LIC		
☐ PIEG-EXCLUSIÓN SOCIAL		
☐ PIEG-DEPENDENTES		
☐ PIEG-MULLERES / MAIORES 45 ANOS		
☐ PIEG-ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL		

TR352A

SERVIZO SOLICITADO	DENOMINACIÓN	Nº TRAB.
☐ PIEG-PREVENCIÓN RISCOS		
☐ PIEG-EXCLUSIÓN SOCIAL		
☐ PIEG-DISCAPACIDADE		
☐ PIEG-DEMARCAÇÃO COSTAS / PORTOS		

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS OU SERVIZOS *

DATA DE INICIO PREVISTA

DATA DE FIN

DURACIÓN DA OBRA OU SERVIZO (MESES)

ÁMBITO DE ACTUACIÓN (LOCALIZACIÓN)

PREVISIÓN DE XERACIÓN DE EMPREGO

Traballadores que serán contratados pola entidade cando finalice o proxecto:

Previsión de inserción indirecta (posibilidades de autoemprego ou outras fórmulas):

* Pode continuar en folia á parte

ANEXO II-PIEG (CONTINUACIÓN)

CÁLCULO DA SUBVENCIÓN

☐ De acordo cos módulos da Orde do

☐ De acordo co convenio colectivo

DOG nº

(data de publicación no DOG).

Nº ORDE	Nº TRAB	OCUPACIÓN	G.C. (1)	CNAE93 (5 díxitos) (2)	CUSTO UNITARIO MENSUAL			DURACIÓN CONTRATO (4)	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
					SALARIO BRUTO (3)	SEGURIDADE SOCIAL EMPRESA	TOTAL			
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										
11										
12										
13										
14										

TOTAL TRABALLADORES:

SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA:

(1) Indíquese o grupo de cotización á S.S. segundo a categoría profesional do traballador.

GRUPO DE COTIZACIÓN	CATEGORÍA PROFESIONAL
1	Enxeñeiros e licenciados
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e ax. titulados
3	Xefes administrativos
4	Axudantes non titulados
5	Oficiais administrativos
6	Subalternos
7	Auxiliares administrativos
8	Oficiais de 1ª e 2ª
9	Oficiais de 3ª e especialistas
10	Trab. maiores de 18 anos non cualificados
11	Trab. menores de 18 anos

(2) Indíquese con 5 díxitos a epígrafe de tarifas de primas de accidentes de traballo por IT e IMS, ou, se é o caso, a ocupación.

(3) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

(4) Indíquese o número de meses do contrato.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 19 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.

- Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se amplían os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego de Galicia.

SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

☐ Delegado/a provincial da Consellería de Traballo en

☐ Director/a xeral de Promoción do Emprego

Indicar cun X o órgano a que se dirixe a solicitude